



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN , CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A ASOCIACIÓN NEXOS DE DIDÁCTICA DE FILOSOFÍA PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA OLIMPIADA DE FILOSOFÍA E PARA O SEU RECOÑECEMENTO COMO PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

### DECLARA:

**Primeiro.-** Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Asociación Nexos de Didáctica de Filosofía o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia de catro anos, que abrangue desde o día seguinte da súa sinatura, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes.

**Segundo.-** Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Desenvolvemento de accións dirixidas a impulsar e coordinar a organización conxunta da Olimpíada de Filosofía galega.

Así mesmo, ten por obxecto o recoñecemento ao profesorado como actividade de innovación educativa, das actividades derivadas da preparación e acompañamento do alumnado participante nas fases galega e nacional da Olimpíada de Filosofía.

Do mesmo xeito, ten por obxecto promover a formación do persoal docente e a súa actualización metodolóxica e científico-tecnolóxica, así como fomentar neles a necesidade dunha aprendizaxe activa e participativa, onde se impulse o método científico e, por último, ampliar as súas competencias profesionais mediante unha formación axeitada en temas de innovación e investigación educativa.

**Terceiro.-** Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA  
Complejo Administrativo San Caetano  
Edificio número 2; Andar 2º  
15781 Santiago de Compostela  
981 546 503  
dxoie@xunta.gal





- Que é de interese tanto para a Consellería como para a Asociación establecer un programa de acción para incentivar e mellorar o ensino e a aprendizaxe da filosofía, así como afondar nos coñecementos desta materia no marco do ensino secundario, nos centros de Galicia, a través da organización e desenvolvemento da Olimpíada de Filosofía.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.
- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

**En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.**

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

Judith Fernández Novoa

